

**Avanza cos seus plans de expansión ao ritmo previsto**

## **EROSKI ESPALLA A SÚA REDE DE FRANQUÍAS CON 55 APERTURAS NO 2017**

- **As vendas da rede de franquías EROSKI medraron un 7% o pasado exercicio**
- **As aperturas supuxeron un investimento de case 13 M€**
- **As inauguracións xeraron máis de 500 postos de traballo**
- **EROSKI inaugurou o pasado ano dous hipermercados franquizados, en Melilla e Elxe, e 53 supermercados franquizados**
- **O modelo de franquía de EROSKI foi galardoado no 2017 co premio á Mellor Franquía de Comercio de España e co premio fifSUR á franquía máis destacada no sector Comercio**
- **A cooperativa ampliou o seu abano de formatos comerciais con novas tendas de conveniencia RAPID**

**Elorrio, 8 de febreiro do 2018.-** [EROSKI](#) continúa a espallar a súa rede de franquías coa apertura de 55 novos establecementos franquizados no 2017. As inauguracións, que supuxeron un investimento de 12,95 millóns de euros, xeraron 507 postos de traballo. Estas aperturas representan, xunto á transformación emprendida na súa rede de tendas propias, un forte impulso á expansión do modelo comercial "contigo" que define a nova xeración de tendas EROSKI e que guía todas as aperturas de franquías da insignia.

Cataluña é a comunidade autónoma onde tivo lugar o maior número de aperturas con 18 novos establecementos franquizados. Séguena o País Vasco e Baleares, con 7 e 5 novas franquías, respectivamente. As outras tendas franquizadas inauguráronse en Andalucía (4), Galicia (4), Andorra (3), Extremadura (3), Madrid (2), Navarra (2) e Aragón, Castela-A Mancha, Castela e León, Melilla, Cantabria, Comunidade Valenciana e A Ríoxa, todas elas cunha inauguración.

A cooperativa mantén a alta taxa de aperturas de franquías de anos anteriores e que bota un balance de máis de 267 inauguracións nos últimos 4 exercicios. E continúa así a espallar a súa rede franquizada co foco posto en Andalucía, Madrid, Castela A Mancha, Extremadura e Levante, de cara aos vindeiros anos.

### **As vendas na rede de tendas franquizadas medran un 7%**

As vendas da rede de supermercados franquizados de EROSKI aumentaron un 7% no 2017 impulsadas polas novas aperturas e pola boa resposta do cliente ao modelo comercial "contigo" adaptado ás franquías.

*"Buscamos a diferenciación e apostamos pola innovación en formatos comerciais co obxectivo de ofrecer un modelo de franquía alternativa. Ofrecemos unha franquía diferente nun establecemento próximo que se afasta doutros conceptos grazas aos seus*

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214  
XURDANA FERNÁNDEZ

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

*produtos frescos e aos seus bos prezos nas referencias básicas, todo iso nun local que permite facer a compra de xeito cómodo e rápido", destaca o director de Franquías de EROSKI, Enrique Martínez.*

### **Dous novos hipermercados franquidados no 2017**

EROSKI ampliou a súa rede de hipermercados franquidados no pasado exercicio coa apertura dun hipermercado en réxime de franquía en Melilla a finais do 2017. Ademais, transferiu a réxime de franquía, en xaneiro do 2018, o seu hipermercado en Elxe, que transformara ao modelo "contigo" en setembro.

Esta estratexia de estender aos hipermercados a fórmula de franquía, coa que EROSKI traballa no formato supermercados dende hai máis de 30 anos, englobase dentro dos plans da cooperativa para os vindeiros exercicios, que poñen un especial foco na competitividade e na adaptación das súas tendas a cada un dos mercados onde desenvolve a súa actividade. *"Son xa tres as experiencias da franquía de hipermercados, o que nos permite ampliar os formatos de establecemento que lles ofrecemos aos nosos franquidados, e que irán dende os 200 m<sup>2</sup> ata os 4.000 m<sup>2</sup>, é dicir, ampliamos o noso abano de insignias franquidadas dende o supermercado de proximidade ata o hipermercado",* avanzou Enrique Martínez.

### **Novo formato de franquía**

EROSKI estende rapidamente á rede franquitada as iniciativas de éxito que desenvolve na súa rede propia de tendas de nova xeración. Todas as franquías que actualmente se abren responden así ao modelo comercial "contigo". A innovación máis recente nos formatos comerciais de franquía EROSKI é *Rapid*, inaugurado no 2017. Trátase dun autoservizo de conveniencia, cun amplo horario comercial, de 15 horas cada xornada (8 a 23 horas), os 365 días do ano e que nos seus aproximadamente 150 m<sup>2</sup> ofrece a maior oferta comercial por metro cadrado, con 3.600 referencias que cobren arredor de 800 necesidades do consumidor.

*"Contemplamos estender a nosa nova insignia RAPID para tendas de conveniencia exclusivamente a través de franquías. A súa expansión botou a andar en paralelo en Cataluña e nas Baleares e irá progresivamente avanzando cara a outras áreas metropolitanas e zonas turísticas de costa, principalmente en Madrid, Andalucía e Levante, amais de onde xa SE comezou a implantar, Cataluña e Baleares,"* explicou o director de Franquías de EROSKI.

### **Premios ao modelo de franquía de EROSKI**

No 2017 a franquía EROSKI foi recoñecida co *Premio Nacional á Mellor Franquía de Comercio* de España por ofrecer un modelo de franquía altamente competitivo e rendible, apoiado por unha estreita relación colaborativa entre a cooperativa e o franquidado. Ademais, o pasado decembro EROSKI recibiu o *Premio á franquía máis destacada no sector comercial/retail* na Feira de Franquías e Negocios do Sur (fifSUR).

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa    Tel: 946 211 214  
XURDANA FERNÁNDEZ

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)